



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación co arranxo do peche perimetral do campo de céspede artificial d'A Fieiteira

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De xeito reiterado o grupo municipal do BNG de Ribeira vén traendo ao Pleno de Ribeira propostas para a mellora nas instalacións deportivas do noso concello. Unha das instalacións que é obxecto de melloras, a pesares de ser unha obra nova, é o campo de céspede artificial.

Son moitas as melloras que se poden acometer como, só por citar algunhas, a transformación do cuberto que protexe aos espectadores nunha auténtica grada con asentos axeitados para o público que asiste ou a instalación das redes protectoras que eviten se perdan os balóns. Por certo, redes estas que levan moitos meses nun almacén do complexo deportivo á espera de que os responsables políticos dean a orde para colocalas.

Sen embargo o feito máis grave produciuse hai uns días cando o **vento derrubo unha parte importante do muro perimetral da zona sur** deste campo. Afortunadamente non houbo ningunha persoa accidentada e xa a policía local tomou medidas de sinalización e balizamento.

Este muro foi construído de xeito moi recente polo concello e evidentemente non está suficientemente reforzado. Xa este grupo municipal advertiu no Pleno do pasado mes de outubro que había bloques que caeran do muro e que supoñían un risco para os centos de rapaces e espectadores que acoden a adestrar e a xogar ao fútbol.

Evidentemente o grupo de goberno non ten culpa de que haxa mal tempo, pero si ten a responsabilidade, cando executa unha obra, velar por que esta sexa segura de todo.





Grupo Municipal de Ribeira

Nenos e nenas xogando este sábado 21 de novembro no campo d'A Fieiteira



Estado do muro derrubado n'A Fieiteira

Ante esto o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

Que o concello de Ribeira **tome as medidas oportunas para que se arranxe de xeito urxente o peche perimetral do campo de fútbol de céspede artificial e se reforce as partes que non caeron á vez que instalan as redes protectoras para evitar a perda de balóns.**

Ribeira, 21 de Novembro de 2009

Asdo.: Luís Teira Parada

Concelleiro do BNG de Ribeira